



SAÚDO Á DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

Madrid, 16 de marzo de 2016

Querida comunidade diocesana:

Un saúdo de fe, esperanza e caridade en Xesucristo, rostro da misericordia do Pai, cando se fai público, neste ano Xubilar da Misericordia, que o Santo Padre se dignou nomearme bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol. En primeiro lugar, quero agradecer ao papa Francisco confiarme pastorear esta Igrexa particular sen ningún mérito pola miña parte. Con este motivo, pídovos unha oración por el e por este o voso servidor.

Preséntome ante vós como misioneiro. Sabedes que son misioneiro claretiano, fillo do Inmaculado Corazón de María. No Espírito de Xesús, enviado do Pai, asumo este precioso envío para facer camiño como pastor da Igrexa de Mondoñedo-Ferrol con paixón, misericordia e esperanza fundadas en Xesucristo. Doulle grazas ao Señor, que me regalou unha nova familia en vós. Desde agora acóllovos no meu corazón e comprométome a deixarme acompañar por vós e acompañarvos para atopar xuntos a Cristo e dar testemuño da fe, esperanza e caridade que nos reúne.

O meu primeiro saúdo é para D. Antonio Rodríguez Basanta, Administrador Diocesano, que con celo, esforzo, paciencia e esperanza coidou pastoralmente a diocese neste tempo de sé vacante, que supoño fíxose longo.

O día 1 de marzo, solemnidade de San Rosendo, patrón principal da diocese, conmovéronme as súas palabras, sobre todo cando lin: «Sabemos que un bispo non o é todo na diocese e que tampouco podemos esperar del que acerte en todas as súas decisións ou solucione todos os problemas. Pero unha Igrexa diocesana sen bispo está orfa». Moitas grazas, D. Antonio.

Precisamente ese día, por azar ou designio da Divina Providencia, eu encomendábame a San Rosendo, con temor e tremor, para que, pola súa intercesión, o Señor me iluminase. Desde a festa de San Rosendo entramos en comunión orante.

Xunto a D. Antonio, quero saudar a todos os sacerdotes, en especial aos enfermos. Necesítovos e quero contar con cada un de vós. Por iso encoméndovos ao Bo Pastor para que vos conceda - e concédame a min - ser cada vez máis pastores segundo o corazón de Deus (cf. Xer 3,15), pastores misericordiosos. Que El manteña acesa e avive entre nós a chama da comunión para a misión. Unome á vosa entrega ao servizo da Igrexa que peregrina nestas fermosas terras do noroeste de Galicia, de boas xentes, con fondas raíces cristiás e uns retos de futuro esperanzador.

Na campaña do *Día do Seminario* que acabamos de celebrar, un saúdo garimoso aos seminaristas. Neste Xubileo da Misericordia lémbresevos que sodes *enviados a reconciliar*. Rezo para que vos formedes como homes de paz e reconciliación, homes de Deus para o seu Pobo, misioneiros da misericordia. Ofrézovos o meu apoio incondicional neste momento tan importante da vosa formación.

Por intercesión de San Xosé, convido a todos a orar polas vocacións ao sacerdocio. Témonos que comprometer con esta oración e estar atentos, para que quen sinta esta chamada atopen na nosa diocese toda a axuda e o ánimo que necesiten para responder con xenerosidade e alegría.

Saúdo con afecto ás persoas consagradas, de vida contemplativa e activa, e á CONFER diocesana. Aquí tedes outro consagrado que ama entrañablemente esta forma de vida eclesial, e cre nela tal e como o Señor a propón no Evanxeo e o Espírito a inspira a través dos distintos carismas. Sempre para embelecer a Igrexa desde o testemuño, o servizo e a profecía. Conto co voso tesouro carismático para esta diocese.

Quero saudar con agarimo aos matrimonios e ás familias, un dos bens máis preciosos da humanidade. Saúdo aos nenos, xúbilo do fogar, e aos anciáns, sabedoría guiadora. Aquí expreso unha sentida palabra de alento aos mozos, tanto aos que viven con alegría como a quen non acaban de ver claro o seu futuro. Temos que loitar xuntos.

Un saúdo misericordioso e esperanzado aos enfermos, aos discapacitados, aos parados, aos inmigrantes, ás familias con problemas, a calquera vítima, a quen sofre a soidade, o abandono, a droga... A todos os que esteades a pasar por dificultade e necesidade. Quero facer meu o voso sufrimento para tentar abrazar convosco a esperanza.

Saúdo de bo grado a quen formades as asociacións de fieis, os movementos apostólicos, as confrarías, aos catequistas, aos voluntarios e a todos os axentes pastorais. Igualmente, a cada unha das persoas do resto do Pobo de Deus que peregrina en Mondoñedo-Ferrol pola terra e polo mar.

Irémonos coñecendo. As vosas vidas impórtanme e quero servirvos como o fai Cristo, Bo Pastor e Bo Samaritano. Estando próximo a todos, sen excluír a ninguén, procurarei que a senda do seguimento me leve á casa dos pobres, os crucificados deste mundo, os predilectos do Pai. Non podemos deixar aos pobres defraudados.

Aproveito esta mensaxe á comunidade e familia diocesana para dirixir un saúdo cordial ás autoridades civís, militares, xudiciais, académicas e aos axentes sociais dos municipios pertencentes ás provincias de Lugo e a Coruña que forman parte desta diocese. Tamén saúdo aos profesionais dos medios de comunicación. E aos homes e mulleres de boa vontade, crentes ou non crentes. A todos téndovos a miña man amigable disposto ao diálogo, desde o respecto e a clara identidade de cada un, para buscar o ben común.

Finalmente, saúdo a D. José Gea, o noso bispo emérito. Aos bispos naturais da diocese, o cardeal D. Antonio M^a Rouco, arcebispo emérito de Madrid e D. Alfonso Carrasco, bispo de Lugo. Xunto a eles envío un saúdo de comunión aos pastores das outras dioceses de Galicia, a D. Julián Barrio, arcebispo de Santiago, ao seu bispo auxiliar, D. Jesús Fernández, a D. Luís Quinteiro, bispo de Tui-Vigo e a D. José Leonardo Lemos, bispo de Ourense.


Dedico un recordo agradecido a D. Manuel Sánchez Monge, o meu predecesor nesta diocese e hoxe bispo de Santander. De grata memoria inmediata para vós, tamén o é para min, como un bo pai, irmán e amigo, de quen podo aprender moito.

Irmáns, irmás, comezo a miña viaxe misionero e pastoral a Mondoñedo-Ferrol con todos vós. Aprenderéi e abrazarei o ministerio episcopal *axeonllado* - na fermosa catedral *axeonllada* de Mondoñedo - ante o Señor e ante vós, con e entre a grei confiada.

Que deixemos ao Espírito Santo inspirar o noso camiño. San Rosendo estará presente nesta senda, consagrado e pastor, home de Deus, de liberdade, de paz e de reconciliación. Como o estará San Antonio María Claret, misionero bispo, inqueda e incansable evanxelizador.

Confiemos á Virxe dos Remedios os nosos gozos e preocupacións, para que os acolla no seu Corazón maternal e cure os nosos males volvendo a nós eses os seus ollos misericordiosos. Contade coa miña oración e orade por min para que chegue a ser o pastor que a Igrexa particular de Mondoñedo-Ferrol e a Igrexa católica universal necesitan, neste ano Xubilar da Misericordia e sempre.

Un abrazo fraterno de comunión e a miña bendición.



P. Luis Ángel de las Heras Berzal, CMF
Bispo electo de Mondoñedo-Ferrol